

Biblioteca universitaria

MEMORIA 2011



Biblioteca universitaria **MEMORIA 2011**

Aprobada pola Comisión da BUSC o día 24 de xullo de 2013



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Colexio de Fonseca

Rúa do Franco s/n

15782 Santiago de Compostela

 981.559.900 ext. 11087

 bxsec@usc.es

 <http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>

Índice

| | |
|--|-----------|
| Presentación | 7 |
| Presuposto..... | 9 |
| Persoal..... | 15 |
| Instalación e equipamento | 19 |
| Desenvolvemento das coleccións..... | 23 |
| Base de datos bibliográfica..... | 29 |
| Servizos | 33 |
| Redes, cooperación e proxección exterior | 47 |
| Anexo | 53 |
| Anexo estatístico | |
| Relación de títulos Bugalicia con máis descargas por editor | |
| Relación de títulos USC con máis descargas | |

Presentación

Nesta presentación imos salientar os datos mais relevantes da actividade desenvolvida na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela durante o ano 2011. Como ven sendo habitual, ofrécense os datos estatísticos da BUSC de xeito pormenorizado no Anexos.

En 2011 continuou o proceso de recorte presupostario na USC iniciado en 2010 e, no caso que nos atinxe, na BUSC alcanzouse un descenso global nos seus orzamentos dun 25%. Aínda que hai recortes en practicamente todos os capítulos, destacamos que a partida dedicada a equipamentos, libros e revistas sofre un descenso superior ao 45%. No apartado **Presuposto** pódense analizar en detalle estes datos.

No que atinxe a espazos e equipamento, en 2011 hai poucas novidades, que teñen que ver na súa meirande parte con reformas destinadas a proporcionar un mellor servizo, acondicionando espazos e adquirindo o equipamento preciso.

No apartado dedicado ao **Desenvolvemento das coleccións**, e ligado lóxicamente ao recorte orzamentario, continúa o descenso no número de volumes ingresados na BUSC con respecto a 2010. Destacamos igualmente a incorporación de obras relevantes na colección Galicia.

Os traballos levados a cabo para mellorar accesos no catálogo, nomeadamente no que atinxe á busca en galego, están relatados no apartado **Base de datos bibliográfica e procesos**.

Dentro do apartado referido aos **Servizos**, cómpre destacar o incremento no número de préstamos, os datos relativos ao uso dos recursos electrónicos, a participación en redes sociais e a ampliación do alcance da formación de usuarios. Neste último caso hai que sinalar o proceso de implantación de cursos básicos de competencias informacionais favorecido pola aplicación do convenio de colaboración coa Universidad de La Laguna, Universidad de Zaragoza e Universidad de Alicante para desenvolver un modelo común de formación en competencias informacionais.

Durante 2011 continuou o proceso de implementación do Repositorio institucional da USC. Nel están aloxadas 758 obras pertencentes ao fondo histórico da BUSC (dixitalizadas grazas ás subvencións do Ministerio de Cultura concedidas en 2007, 2009 e 2010) e parte das revistas do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. Sen dúbida un paso importante en 2011 foi a aprobación da normativa do **Repositorio Institucional Minerva**, feito que tivo lugar no Consello de Goberno de 22 de decembro de 2011.

Finalmente no apartado **Redes, cooperación e proxección exterior** ofrécense detalles das distintas participacións da BUSC en proxectos internos e externos á propia universidade, entre elas a organización da IX Jornadas CRAI.

Presuposto

O presuposto da Biblioteca para o ano 2011 ascendeu a 2.353.000 €, un 25.13% menos que en 2010. No cadro seguinte amósase desglosado por aplicacións:

| Presuposto da BUSC 2011 | | |
|-------------------------|--|-------------|
| Capítulo 2 | Biblioteca Xeral. Reparación e mantemento mobiliario e equipamento | 61.200 € |
| | Bibliotecas. Gastos correntes | 84.000 € |
| | Biblioteca Intercentros Campus de Lugo. Gastos correntes | 1.400 € |
| | Biblioteca Concepción Arenal. Gastos correntes | 2.400 € |
| | Biblioteca: Acceso Revistas electrónicas | 1.285.000 € |
| Capítulo 6 | Bibliotecas. Equipamento | 19.000 € |
| | Bibliotecas. Adquisición libros | 300.000 € |
| | Bibliotecas. Adquisicións publicacións periódicas | 600.000 € |
| TOTAL | | 2.353.000 € |


Con respecto a 2010, hai descensos en practicamente todos os apartados, algúns especialmente importantes. No capítulo 2, as achegas en gastos correntes para a Biblioteca Xeral (que se reparte entre todas as bibliotecas de centro), a Biblioteca Intercentros de Lugo e a Biblioteca Concepción Arenal baixan un 30%, un 41.67% e un 50% respectivamente. No que atinxe ao capítulo 6, a partida destinada a equipamento baixa un 50% e na aplicación dedicada á adquisición de libros o recorte chega ao 44.4%. O recorte en publicacións periódicas elévase ata o 40 %.

Os créditos asignados víronse incrementados mediante os ingresos procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario que ascenderon en 2010 a 21.421,7 €, así como a consecución dunha subvención do Ministerio de Cultura para a dixitalización de fondo patrimonial da BUSC: 16.276,32 €

ADQUISICIÓN BBLIOGRÁFICAS

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presuposto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos dez anos. Debido ao recorte experimentado no orzamento, amósase unha acentuación do descenso nas achegas.

Evolución do presuposto de adquisicións bibliográficas 2001-2011



O custo das publicacións periódicas en 2011 foi de **1.902.847,04 €**, cantidade na que se inclúe a achega aportada ao Consorcio Bugalicia para a contratación conxunta de recursos electrónicos.

| | |
|--|-----------------------|
| Publicacións periódicas adquiridas vía concurso | 516.724,43 € |
| Publicacións periódicas non concurso | 101.122,61 € |
| Paquetes de revistas adquiridos consorciadamente | 1.285.000,00 € |
| | 1.902.847,04 € |

10

Con respecto a 2010 hai un descenso importante debido ao recorte nas achegas orzamentarias.

O crédito ordinario de adquisicións bibliográficas incrementouse con diversas achegas recollidas na seguinte táboa:

| Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos | |
|--|---------------------|
| Aportacións de Centros | 35.577,17 € |
| Aportacións de Departamentos e Proxectos | 246.929,79 € |
| Descontos en librerías | 11.742,86 € |
| TOTAL | 294.249,82 € |

Existe un incremento do 127.51% nas aportacións dos centros con respecto ao ano anterior (15.637,51 € en 2010). Nas achegas provenientes de departamentos e proxectos o incremento é do 35 % (181.990,29€ en 2010). Os descontos en librerías mantéñense nos números do ano pasado (11.400 €).

Un ano máis, as achegas máis salientables por parte dos centros, departamentos e proxectos corresponden ás Facultades de Dereito e Filoxía, que alcanzan entre as dúas o 79.20% do total aportado.



| | Centros | Deptos., Proxec. | Total |
|-----------|-------------|------------------|--------------|
| Dereito | 11.603,01 € | 115.475,90 € | 127.078,91 € |
| Filoloxía | 18.960,13 € | 77.695,65 € | 96.655,78 € |
| | | | 223.734,69 € |

Tendo en conta as achegas adicionais ás cantidades inicialmente presupostadas, na BUSC destináronse ás adquisicións bibliográficas 2.632.556,43 €, dos que 534.337,09 € corresponden a monografías e 2.098.219,34 € a publicacións periódicas.

ANALISE DA XESTION DO ORZAMENTO DE MONOGRAFÍAS

No ano 2010 a BUSC comezara a posta en marcha dun novo modelo de xestión do presuposto de monografías que tiña como eixe fundamental a creación dunha estrutura orzamentaria sen asignacións económicas fixas para cada centro ou tipo de usuario (PDI/alumno). Este modelo permitíanos ir adecuando ao longo do ano o gasto de cada centro ou departamento en base á maior ou menor demanda de fondos bibliográficos.

A forte redución da partida orzamentaria 627, Adquisición libros, no ano 2011 (-45% sobre o orzamento de 2010, -50% sobre o gasto total en 2010) levou á Comisión da Biblioteca Universitaria a aprobar unha modificación do proxecto, volvendo a establecer unha cantidade fixa anual pero sen dividir por tipo de usuario. Como o novo orzamento supuxo o 50% do gasto total en 2010, a Comisión decidiu asignar a cada centro o 50% do gastado no ano anterior.

Este cambio de criterio impide facer unha valoración sobre a idoneidade do modelo que se pretendía instalar, xa que só contamos cos datos de 1 ano.

A análise dos datos ofrece os seguintes resultados:

- O gasto en recursos para alumnos continúa experimentando un importante incremento respecto do anterior sistema, fundamentalmente nas áreas de ciencias da saúde e ciencias experimentais. Baixa respecto do ano anterior nas áreas de ensinanzas técnicas e ciencias sociais, e chega á porcentaxe dos anos anteriores en humanidades:

Área de Ciencias da Saúde: 71% (68,11% en 2010)

Área de Ciencias Experimentais: 28% (24,48% en 2010)

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas: 24% (33,79% en 2010)

Área de Ensinanzas Técnicas: 41% (71,58% en 2010)

Área de Humanidades: 19% (15,76% en 2010)

- Os datos de préstamo seguen mostrando unha elevada porcentaxe de obras acabadas de adquirir con uso cero. Estes datos son aínda máis graves do que a propia porcentaxe significa, xa que sería de esperar un alto uso das novas e escasas adquisicións.

A valoración máis positiva é o incremento de fondos para alumnos, pois como xa se sinalara o ano pasado, viñan arrastrando un importante déficit na BUSC.

Apréciase unha mellora dos datos de uso dos libros adquiridos en 2010, pasando dunha porcentaxe do 43,24% de libros non prestados ao 34,68%, o que confirma o apuntado na memoria anterior cando se expoñía que a análise do uso das coleccións debe realizarse ao longo de varios anos. Tomando como referencia as adquisicións de 2010, nos vindeiros anos seguiremos analizando o seu uso, coa finalidade de establecer a vida media das coleccións en cada área de coñecemento.


| Centro | Gasto 2011 | Usuarios | | | Gasto medio/usuario |
|-----------------------|------------|----------|---------|--------|---------------------|
| | | PDI | Alumnos | Total | |
| B. Xeral | 56.849,56 | | | | |
| Bioloxía | 7.886,03 | 89 | 962 | 1.051 | 7,50 € |
| CC. Económicas | 16.234,85 | 156 | 2.573 | 2.729 | 5,95 € |
| Dereito | 14.750,14 | 93 | 1.673 | 1.766 | 8,35 € |
| CC. Políticas | 16.216,32 | 27 | 546 | 573 | 28,30 € |
| Relacións Laborais | 2.746,86 | 17 | 734 | 751 | 3,66 € |
| Farmacia | 9.390,75 | 113 | 1.454 | 1.567 | 5,99 € |
| Filoxía | 21.237,60 | 170 | 1.271 | 1.441 | 14,74 € |
| Filosofía | 10.885,27 | 23 | 278 | 301 | 36,16 € |
| CC. Educación | 15.582,73 | 112 | 2.255 | 2.367 | 6,58 € |
| Psicoloxía | 11.676,55 | 95 | 1.256 | 1.351 | 8,64 € |
| Física | 6.105,70 | 96 | 485 | 581 | 10,51 € |
| Óptica | 2.733,57 | 23 | 315 | 338 | 8,09 € |
| Xeografía e Historia | 15.131,07 | 109 | 1.260 | 1.369 | 11,05 € |
| Matemáticas | 6.310,54 | 83 | 531 | 614 | 10,28 € |
| Medicina | 15.960,50 | 377 | 2.611 | 2.988 | 5,34 € |
| ETSE | 8.384,08 | 36 | 853 | 889 | 9,43 € |
| Química | 5.643,17 | 80 | 619 | 699 | 8,07 € |
| Ciencias | 4.584,98 | 62 | 341 | 403 | 11,38 € |
| Admón e Dir. Empresas | 7.367,51 | 42 | 648 | 690 | 10,68 € |
| EPS | 9.423,49 | 170 | 1.240 | 1.410 | 6,68 € |
| Humanidades | 9.030,33 | 39 | 156 | 195 | 46,31 € |
| Veterinaria | 8.129,28 | 105 | 884 | 989 | 8,22 € |
| CC. Comunicación | 10.684,87 | 46 | 766 | 812 | 13,16 € |
| Maxisterio Lugo | 4.181,23 | 44 | 882 | 926 | 4,52 € |
| Enfermería | 5.772,36 | 55 | 644 | 699 | 8,26 € |
| Ciencias Saúde | 8.967,74 | | | | |
| | 311.867,08 | 2.262 | 25.237 | 27.499 | 11,34 € |

Nos anexos pódense consultar os datos detallados deste e doutros subapartados relativos á execución dos orzamentos.

EQUIPAMENTO E MANTEMENTO

No seguinte gráfico amósase a evolución do presuposto dedicado a gastos correntes (aplicación 220) e a adquisición de material inventariable (aplicación 626):

Evolución do presuposto de mantemento e equipamento 2001-2011



Pode apreciarse como a liña evolutiva en ámbalas dúas aplicacións orzamentarias continua de xeito acentuado o descenso iniciado o ano anterior.

Ás cantidades inicialmente previstas (aplic. 220, 84.000 €; aplic. 626, 19.000€) sumáronse ingresos por valor de 39.834,79€ procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario e de achegas dos centros. No seguinte cadro vemos desglosadas as achegas:

| Achegas en equipamento e mantemento | |
|---------------------------------------|--------------------|
| Aportacións Departamentos e Proxectos | - € |
| Subvencións e axudas | 16.276,32 € |
| Aportacións de Centros | 2.136,77 € |
| Ingresos por servizos | 21.421,70 € |
| TOTAL | 39.834,79 € |

OUTROS INGRESOS

A BUSC presentouse a convocatoria para concesión de subvencións públicas para a creación e transformación de recursos dixitais e a súa difusión e preservación mediante repositorios OAI (Open Archives Initiative) correspondentes ao ano 2010, coa terceira fase do proxecto *Literaturas hispánicas séculos XV-XVIII*. A orde CUL/3553/2010, de 20 de decembro concede á Universidade de Santiago de Compostela **16.276,32 €**. A percepción económica da subvención fíxose efectiva a principios de 2011.

Persoal

DATOS XERAIS

A 31 de decembro de 2011 a BUSC contaba co seguinte persoal:

| PERSOAL DA BUSC - ANO 2011 | |
|--|------------|
| Escala de Facultativos de Bibliotecas | 15 |
| Escala de Axudantes de Bibliotecas | 54 |
| Auxiliares de Biblioteca (Func. C) /Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV) | 116 |
| Auxiliares Administrativos | 7 |
| Persoal especializado | 2 |
| Area conserxería | 9 |
| TOTAL | 203 |

15

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos, e o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames. A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2011 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

| BIBLIOTECA | Facultativos | Axudantes | Admin. | A.B/A.T.B | Sab/Dom/ nocturna | Area Conserx. | Persoal espec. | TOTAL |
|-------------------------|--------------|-----------|--------|-----------|----------------------|---------------|----------------|-------|
| BUSC | 6 | | | 2 | | | 1 | 9 |
| B. Xeral | 1 | 16 | 5 | 13 | | 3 | | 38 |
| Bioloxía | 1 | 1 | | 4 | | | | 6 |
| Económicas | | 3 | | 6 | 4 | | | 13 |
| C. Arenal | 2 | 3 | 1 | 8 | 2 | 2 | | 18 |
| Farmacia | | 2 | | 4 | | | | 6 |
| Filoloxía | 1 | 4 | | 6 | | | | 11 |
| Filos., CC.Ed., Psicol. | 1 | 6 | | 8 | | | | 15 |

| BIBLIOTECA | Facultativos | Axudantes | Admin. | A.B/A.T.B | Sab/Dom/ nocturna | Area Conserx. | Persoal espec. | TOTAL |
|-----------------------|--------------|-----------|----------|------------|----------------------|---------------|----------------|------------|
| Física e Óptica | | 2 | | 5 | | | | 7 |
| Xeografía e Historia | 1 | 3 | | 6 | | | | 10 |
| Matemáticas | | 2 | | 4 | | | | 6 |
| Medicina | 1 | 2 | | 5 | 4 | | | 12 |
| Química | | 2 | | 4 | | | | 6 |
| ETSE | | | | 3 | | | | 3 |
| Enfermería | | | | 2 | | | | 2 |
| CC. Comunicación | | 2 | | 4 | | | | 6 |
| Intercentros - Lugo | 1 | 5 | 1 | 14 | 5 | 4 | | 30 |
| Formación Profesorado | | 1 | | 3 | | | | 4 |
| TOTAIS | 15 | 54 | 7 | 101 | 15 | 9 | 1 | 202 |

A Aula Universia da Biblioteca Intercentros de Lugo contou co desempeño de dous bolseiros pertencentes á rede de aulas de informática da USC.

OPOSICIÓNS, CONCURSOS, TRASLADOS, XUBILACIONS

En outubro de 2011 resolveuse o concurso de traslados convocado por resolución reitoral de 13 de abril de 2011. Este foi o resultado:

- Dirección da Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía compartida coa dirección da Biblioteca da E.U. de Enfermería. Xosé Antón Regos Varela
- Dirección da Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia. Ana González da Costa
- Xefatura do Negociado de Publicacións Periódicas. Irene Ruíz de Conejo Lasala
- Axudante de biblioteca. Biblioteca Intercentros de Lugo. Inés Amboage García.
- Axudante de biblioteca. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. José Enrique Quintáns Míguez.
- Auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos. Biblioteca da Facultade de Psicoloxía, Ciencias da Educación e Filosofía. Alicia Sar Morano.
- Auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos. Biblioteca da Facultade de Psicoloxía, Ciencias da Educación e Filosofía. Carmen Certo Castaño.

Dende o 1 de novembro Inés Amboage ocupa en comisión de servizo a xefatura da Oficina de Servizo da Biblioteca Intercentros de Lugo.



FORMACIÓN

Durante 2011, o persoal da BUSC participou nos seguintes cursos de formación:

Organizados pola USC dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia

Cursos específicos para persoal de Bibliotecas

Aproveitamento de blogs e microblogging na Biblioteca Universitaria

Conservación e mantemento de documentos gráficos

Encadernación e restauración de papel

Internet invisible

Introdución ao Formato MARC 21

O bibliotecario como asesor de investigadores

O libro electrónico na biblioteca do século XXI

Os repositorios institucionais: unha infraestrutura esencial para a investigación e a educación no mundo dixital

Sobrevivindo no contexto-e: Conceptos informativos básicos para o traballo cotiá na biblioteca

Xornada de traballo sobre boas prácticas en formación en competencias informacionais nas bibliotecas universitarias

Cursos para todo o persoal da USC

A Protección datos de carácter persoal e boas prácticas en seguridade da información

Excel 2007

Centro de Linguas Modernas Francés Nivel A..2.1 e Nivel B1.1

Centro de Linguas Modernas Inglés Nivel B.1.3

Correo electrónico e internet

Iniciación á ferramenta de xestión de contidos para a web da USC

Lingua e Xénero na universidade

MS Acces 2007. Avanzado

MS Acces 2007. Básico

Open Office

Organización e Dirección de Reunións

Outlook

Word 2007. Avanzado

Word 2007. Básico

Organizados por outras entidades:

Estratexias para trazar unha carreira de éxito como investigador. Elsevier

Desarrollo de competencias de Liderazgo para Gestores Culturales. Fundación Germán Sánchez Ruipérez

Edición electrónica para bibliotecas, arquivos e centros de documentación. Anabad Galicia

Propiedade intelectual e contidos dixitais. EGAP

Asistencia a congresos, simposios

ARCHIVES 360°. 75th Annual Meeting of the Society of American Archivists. Chicago 21-25 Agosto

I Jornadas de bibliotecas de museos: Nuevos medios y nuevos públicos. Do 28 ao 30 de novembro. Ministerio de Cultura.

IX Jornadas CRAI: Evaluación y acreditación de las competencias informáticas e informacionales. 16 e 17 de xuño, Universidade de Santiago de Compostela

I Seminario Internacional de la Biblioteca de Galicia: As bibliotecas Dixitais. 7, 8 e 9 de abril.

III Jornada de responsables de ALFIN en las bibliotecas universitarias españolas. Universidad Complutense de Madrid, 9 de maio de 2011

NECOBELAC, Network of Collaboration Between Europe & Latin American-Caribbean countries. Braga 15-17 Xuño

VIII Simposio O libro e lectura: a propiedade intelectual na sociedade dixital, organizado pola Asociación Galega de Editores, 10 e 11 de novembro de 2011

Universidad 2.0 En busca de la innovación educativa 12 de maio. Facultade de Ciencias da Comunicación da USC

OUTRAS PARTICIPACIÓNS

- A xefa do Negociado de Publicacións Periódicas da Biblioteca Xeral e unha axudante de bibliotecas do mesmo departamento asistiron ao *I Encuentro de Instituciones Colaboradoras de Dialnet* celebrado en Logroño o 29 e 30 de setembro
- A Vixerenta do Campus de Lugo, como membro do grupo UNICI2 ao que pertence a BUSC, presentou a ponencia *Trabajando juntos: hacia un modelo común de evaluación de la formación de competencias informacionales*, no marco dos *XVI Encuentros Internacionales sobre Sistemas de Información y Documentación* (IBERSID 2011), celebrados en Zaragoza 3,4 e 5 de outubro.
- A Directora da BUSC e a Vixerenta do campus de Lugo presentaron en *Uniredo Foro galego da web 2.0* celebrado na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC o 15 de outubro a comunicación *Formación en competencias informacionais empregando ferramentas 2.0*
- A xefa do Negociado de Adquisicións da Biblioteca Xeral asistiu á feira internacional del libro LIBER 2011 en Madrid, que contou con máis de 400 expositores e máis de 12.000 visitantes profesionais de 62 países.
- A Directora da BUSC participou na Xornada *Día da Ciencia en galego* organizada pola Facultade de Matemáticas, xunto co Director do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico e o Director do Servizo de Normalización Lingüística da USC o día 8 de novembro.

Instalacións e equipamento


INSTALACIÓNS

Na biblioteca da Facultade de Filoloxía procedeuse ao illamento do depósito de monografías incluíndo porta corta-lumes. Isto obrigou a modificar o lugar do mostrador para non entorpecer a saída en caso de incendio. Dispúxose un novo mostrador de atención aos usuarios na zona de entrada e saída da biblioteca e con conexión ao despacho de traballo do persoal. A Facultade aportou os créditos para as obras.



A necesidade de aforro enerxético e de mellorar a seguridade do edificio da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conforman o marco que sustenta o vello proxecto de illar a Biblioteca da Facultade. A construción de novos aseos para os usuarios da biblioteca dentro do recinto da biblioteca era un requisito imprescindible para poder facelo e levouse a cabo desde a Oficina de Xestión de Infraestruturas e por encargo do Vicerreitorado de Economía e Infraestruturas nos primeiros meses do ano 2011. O proxecto tomou forma

definitiva no mes de Xullo para facilitar a apertura da biblioteca entre o 8 e o 19 de Agosto. A porta de emerxencia situada á beira do mostrador mantivo o seu carácter, pero converteuse nunha dobre porta, ca función engadida de ser punto de entrada e saída do edificio nos días de peche obrigatorio en agosto para os centros e nos seguintes períodos de apertura nocturna en época de exames, sen ter que manter aberta a Facultade. Esta obra levou consigo tamén a urbanización da zona exterior, ao facer e acondicionar un pequeno camiño de acceso á citada porta. O financiamento desta obra correspondeu así mesmo ao Vicerreitorado de Economía e Infraestruturas, que tamén asumiu a compra do novo arco antifurtos necesario para a mesma.



Queda, con todo, por abordar o capítulo máis importante para a Biblioteca: o de ampliación e remodelación do espazo dos depósitos de monografías e revistas. Parte dos libros seguen a repousar no chan e o acceso aos fondos e a circulación entre os andeis faise complicada e labiríntica, ao mesturarse os libros de diferentes materias nos mesmos.

Dende 2011 a Biblioteca Concepción Arenal dispón do primeiro Punto Informático Adaptado (PIA) da USC, polo que pode **ofrecer aos usuarios con discapacidade un servizo personalizado a fin de facilitar o acceso e uso dos recursos de que dispón. A USC, a través da Oficina do Voluntariado, e en colaboración** coa [ONCE](#), adaptou postos de estudo para estudantes con discapacidade visual (déficit visual e cegueira) na Biblioteca Concepción Arenal da USC.

O posto de estudo adaptado dispón dun PC no que está instalado *Jaws* (un lector de pantalla con voz), *Zoomtext* (magnificador de pantalla), un escáner con *Omnipage* (para escanear e posteriormente imprimir en braille ou ler mediante voz), e unha *impresora braille*.



EQUIPAMENTO

Cos fondos dedicados a equipamento e os ingresos procedentes de Fotodocumentación e Préstamo Interbibliotecario, abórdouse coma en anos anteriores á substitución e/ou adquisición de equipos informáticos e mobiliario. Investíronse un total de 66.788,05 € neste capítulo. No cadro seguinte pode verse unha relación do equipamento adquirido desagregado por bibliotecas:

| BIBLIOTECA | | |
|---------------------------|---|----------------------------|
| Biblioteca Xeral | 2 | Ordenadores de sobremesa |
| | 1 | Cadeira |
| | 2 | Corpos de andeis |
| | 1 | Destrutora de papel |
| Económicas | 1 | Ordenadores de sobremesa |
| | 2 | Ordenadores portátiles |
| Concepción Arenal | 1 | Ordenadores de sobremesa |
| | 7 | Cadeiras |
| | 1 | Destrutora de papel |
| | 2 | Pantallas de ordenador 21" |
| Farmacia | 1 | Cadeira |
| | 1 | Corpos de andeis |
| | 1 | Carro portalibros |
| Filoloxía | 1 | Ordenadores portátiles |
| | 5 | Corpos de andeis |
| Psic., Filos. e Cc. Educ. | 1 | Arco antifurto |
| | 1 | Ordenadores de sobremesa |
| | 1 | Impresora |
| | 9 | Corpos de andeis |
| Xeografía e Historia | 1 | Destrutora de papel |
| Matemáticas | 1 | Cadeira |
| | 2 | Corpos de andeis |
| Medicina | 1 | Ordenador de sobremesa |
| Química | 2 | Ordenadores de sobremesa |
| Intercentros Lugo | 2 | Ordenadores portátiles |
| | 2 | Corpos de andeis |
| | 1 | Destrutora de papel |
| E. F. Profesorado (Lugo) | 1 | Ordenadores portátiles |
| | 1 | Destrutora de papel |
| ETSE | 1 | Escáner |
| Ciencias da Comunicación | 1 | Ordenadores de sobremesa |
| | 4 | Corpos de andeis |
| | 1 | Carro portalibros |
| | 3 | Pantallas de ordenador 21" |
| | 1 | Escáner |



Desenvolvemento das coleccións

En 2011 ingresaron na BUSC 19.706 volumes, un 42.68 % menos que no ano anterior. Destes títulos, 10.946 (40% menos que en 2010) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (estas achegas poden verse nas táboas do apartado "Presuposto" no **Anexo estatístico**). Por intercambio ingresaron 1.275 títulos (un 22.5 % menos que en 2010) e por doazón un total de 7.485 (un 50% menos).


Polo tanto hai un descenso xeneralizado en case tódolos ingresos, especialmente os producidos pola vía da compra explicado fundamentalmente polo recorte na partida adicada á adquisición de monografías. No **Anexo estatístico** poden verse as cifras para cada biblioteca.

DISTRIBUCION DAS OBRAS INGRESADAS

A distribución das monografías ingresadas por biblioteca poden verse na táboa e gráfico seguintes:

| CENTRO | MONOGRAFÍAS 2011 | | | |
|-----------------------|------------------|--------------|--------------|---------------|
| | Compra | Doazón | Intercambio | TOTAL |
| B. Xeral | 987 | 1.979 | 231 | 3.197 |
| Bioloxía | 146 | 215 | 62 | 423 |
| Económicas | 518 | 352 | 57 | 927 |
| C.Arenal | 2.270 | 557 | 147 | 2.974 |
| Farmacia | 154 | 409 | 4 | 567 |
| Filoxía | 1.885 | 901 | 252 | 3.038 |
| Fª, Cc. Educ. Psicol | 1.594 | 534 | 124 | 2.252 |
| Física Óptica | 129 | 19 | 5 | 153 |
| Xeografía e Historia | 981 | 641 | 256 | 1.878 |
| Matemáticas | 232 | 229 | 12 | 473 |
| Medicina | 226 | 168 | 51 | 445 |
| Química | 91 | 94 | 4 | 189 |
| ETSE | 157 | 218 | 12 | 387 |
| Intercentros | 972 | 900 | 46 | 1.918 |
| CC. Comunicación | 303 | 98 | 12 | 413 |
| Formación Profesorado | 182 | 148 | - | 330 |
| Enfermería | 98 | 17 | - | 115 |
| Observatorio | 21 | - | - | 27 |
| TOTAIS | 10.946 | 7.479 | 1.275 | 19.706 |


Monografías ingresadas durante 2011



No que atinxe á colección de publicacións periódicas, as cifras son similares ás do ano anterior. Na táboa e gráficos seguintes ofrecemos os datos desagregados por biblioteca.

| CENTRO | PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS 2011 | | | | | |
|-----------------------|------------------------------|------------------|--------------|--------------|--------------|---------------|
| | Pechadas | Abertas | | | TOTAL | |
| | | Títulos pechados | Compra | Doazón | Interc. | Total |
| | Abertas | | | | | Pechadas |
| B. Xeral | 10.151 | 43 | 441 | 154 | 638 | 10.789 |
| Bioloxía | 868 | 63 | 54 | 177 | 294 | 1.162 |
| Económicas | 2.479 | 249 | 295 | 73 | 617 | 3.096 |
| C.Arenal | 4.215 | 417 | 116 | 141 | 674 | 4.889 |
| Farmacía | 1.360 | 85 | 65 | 47 | 197 | 1.557 |
| Filoloxía | 1.807 | 488 | 116 | 241 | 845 | 2.652 |
| Fª, Cc. Educ. Psicol | 1.582 | 295 | 82 | 204 | 581 | 2.163 |
| Física Óptica | 324 | 33 | 6 | 4 | 43 | 367 |
| Xeografía e Historia | 1.902 | 361 | 226 | 355 | 942 | 2.844 |
| Matemáticas | 419 | 120 | 24 | 35 | 179 | 598 |
| Medicina | 2.270 | 163 | 63 | 8 | 234 | 2.504 |
| Química | 611 | 45 | 5 | 4 | 54 | 665 |
| ETSE | 191 | 30 | 10 | 1 | 41 | 232 |
| Intercentros | 1.176 | 250 | 128 | 122 | 500 | 1.676 |
| CC. Comunicación | 605 | 46 | 73 | 4 | 123 | 728 |
| Formación Profesorado | 170 | 53 | 59 | 16 | 128 | 298 |
| Enfermería | 102 | 17 | 16 | - | 33 | 135 |
| Observatorio | 329 | 11 | 22 | - | 33 | 362 |
| TOTAIS | 30.561 | 2.769 | 1.801 | 1.586 | 6.156 | 36.717 |

Coleccións de publicacións periódicas 2011



INCORPORACIÓNS DESTACADAS

A Embaixada dos Estados Unidos doou a prestixiosa colección *Library of America*. Trátase dun conxunto de obras sobre as máis diversas temáticas e xéneros, dende a filosofía, periodismo, cine, deportes, historia ou biografías ata a gastronomía ou a literatura de viaxes que expresa as particularidades das manifestacións culturais en Estados Unidos. Atópase aloxada na Biblioteca da Facultade de Filoloxía.






A Biblioteca da Facultade de Química recibiu a doazón de don Xosé Lois Seoane Gomez, profesor de universidade e ex investigador do CSIC.

Polo que atinxe ás incorporacións do **Fondo Galicia** en 2011 destacamos:

- *El Ministerio de Instrucción Pública y Bellas artes o indicaciones para la reforma de la enseñanza*, de Luís Rodríguez Seoane, publicada en 1883 en Santiago de Compostela. Esta obra reintegrouse á colección da Real Sociedad Económica de Amigos del País, de onde orixinalmente procedía.
- *Vida de la Virgen María según la venerable de Agreda*. Madrid, [1890?]. É o primeiro número da colección *Biblioteca de la Mujer* editada por Emilia Pardo Bazán, autora ademais do prólogo.
- Completáronse os anos 1896 e 1897 do xornal galego *El Eco de Galicia, órgano de los gallegos residentes en las repúblicas sud-americanas*.
- *Posío*, publicación literaria de Ourense con só catro números na que escribiron as irmás Dora e Pura Vázquez entre os anos 1945 e 1946.
- *Isla de Cortegada*, álbum de 12 fotografías editado en Vilagarcía en 1910.
- *Poemas pendurados de un cabelo*, de Ricardo Carvalho Calero, impreso en Lugo en 1952.
- Pola relación da figura de Valentín de Foronda co liberalismo galego, adquiriuse a obra *Logica de Condillac puesta en diálogo por D. Valentín de Foronda y adicionada con un pequeño tratado sobre toda clase de argumentos y de sofismas*, impresa en Madrid en 1794.

- *La verdad*, de José Ferrer de Couto, impreso en New York en 1876, na que o xornalista galego afincado nos Estados Unidos fai unha defensa do xornal que dirixe, *El Cronista de Nueva York*, tras o panfleto titulado "Nuestra defensa", de Enrique Muñiz e José G. García.
- *Las Cantigas de Santa María*, edición facsímile do códice rico do Escorial. Esta obra foi adquirida con achegas procedentes dos Proxectos de investigación "Imaxes, ausencias e frecuencias. A violencia e a marxinalidade no Medievo", "Cultura visual e cultura libraria na Coroa de Castela (1284-1350), o proxecto de investigación dirixido por Mercedes Brea, o Departamento de Filoloxía Galega, a biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, a Biblioteca Xeral, a Facultade de Filoloxía e o ILGA.
- *Martín Fierro*, obra de José Hernández, publicada na Arxentina no ano 1972 e que conta con 16 follas de gravados en madeira de Luís Seoane, que asina o colofón desta edición.

Precisamente de Luis Seoane adquiríronse diversos exemplares de Botella al Mar onde se pode apreciar a beleza e carácter único das cubertas que deseñou..



COLECCIÓN CONSORCIADA


No seguinte cadro ofrécese un resumo da colección consorciada á que tivo acceso a USC durante 2011:

| RESUMO DE RECURSOS CONSORCIADOS USC 2011 | | | |
|--|-----------|--|-------------------|
| BASES DE DATOS | | PUBLICACIÓN PERIÓDICAS | |
| LISTA (acceso con outros recursos) | | -Paquetes de Revistas | Nº títulos |
| SciFinder Scholar (Contratada) | | ACS | 63 |
| Mathscinet (Contratada) | | Cambridge | 265 |
| Westlaw (Contratada) | | Cell | 11 |
| Ulrichs (Contratada) | | IEEE Journals | 399 |
| Business Source Premier (BSP) (Contratada) | | JSTOR | 595 |
| CINAHL (Contratada) | | Nature | 1 |
| Eric (acceso con outros recursos) | | Science | 1 |
| GreenFILE (acceso con outros recursos) | | Science Direct | 2.090 |
| Regional Business News (acceso con outros recursos) | | Springer | 1.203 |
| SportDiscus FT (Contratada) | | Wiley | 568 |
| Teacher Reference Center (acceso con outros recursos) | | | |
| TSD: The Serials Directory (acceso con outros recursos) | | Revistas en Paquetes - Subtotal de títulos | 5.196 |
| Compendex (Contratada) | | | |
| Asfa (Contratada) | | -BBDD a texto completo | |
| Lion (Contratada) | | Busines Source Premier - BSP (FT) | 13.659 |
| Liba (Contratada) | | CINAHL(Rev) | 71 |
| PsycInfo (Contratada) | | Greenfile FT (Rev) | 60 |
| Oceanic Abstracts (acceso con outros recursos) | | Lion (Rev) | 327 |
| PILOTS Database (acceso con outros recursos) | | Regional Business News (Rev) | 180 |
| CSIC (Contratada) | | SportDiscus FT (Rev) | 645 |
| Sabi (Contratada) | | | |
| Tirant online (Contratada) | | Revistas en BBDD a texto completo - Subtotal de títulos | 14.942 |
| Dissertations & Theses (Contratada) | | | |
| Norweb (Contratada) | | Revistas (Paquetes e BBDD) - Total de Títulos | 20.138 |
| MEDLINE (gratis) | | | |
| | | | |
| Bases de Datos contratadas - Subtotal de número | 17 | MONOGRAFÍAS | Nº títulos |
| Bases de Datos con outros recursos ou acceso a través da plataforma do editor - Subtotal de número | 8 | IEEE Conferences And Proceedings | 13.913 |
| Bases de Datos gratuitas - Subtotal de número | 1 | IEEE Standards | 3.177 |
| Bases de Datos - Total | 26 | NetLibrary | 968 |
| | | | |
| | | Monografías - Total de títulos | 18.058 |
| | | | |


Base de datos bibliográfica e procesos

A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra, doazón ou intercambio. Nos gráficos seguintes pode verse a distribución de rexistros bibliográficos, de exemplar e catalogacións analíticas do catálogo da BUSC, para monografías e revistas.

Catálogo completo



Catálogo Galicia




Catálogo Xeral




Do total de descrições bibliográficas (1.089.207), 40.145 pertencen á Biblioteca América e 53.936 ao fondo histórico, coa seguinte distribución atendendo ao tipo de rexistro:

Biblioteca América



Fondo histórico



PROCESOS

Tradución dos encabezamentos de materia ao galego

A USC encetou este proxecto coa idea de ofrecer aos seus usuarios a busca temática en galego. Tras unha primeira fase de tradución dos encabezamentos de materia en castelán realizada polo Servizo de Normalización Lingüística da USC, o traballo centrouse na introdución nos rexistros de autoridade de tema no sistema integrado de xestión bibliotecaria Millennium dos termos equivalentes en galego. A seguinte fase deste proxecto consistiu na tradución ao galego dos encabezamentos de tema relativos aos nomes xeográficos ou topónimos.

Ao longo de 2011 desenvolvéronse os traballos de tradución relativos aos nomes das institucións ou entidades que constitúen tema ou asunto no noso catálogo: revisáronse máis de 9.000 rexistros de autoridade e cerca de 35.000 rexistros bibliográficos para poder ofrecer aos usuarios a mesma busca no índice de tema en galego ou en castelán.

Manual de Procedemento en Catalogación

Co obxectivo de coordinar e homoxeneizar o traballo desenvolvido en catalogación, comezou a revisión e posta ao día do anterior *Manual de catalogación*. Con esta revisión trátase de adaptar o texto aos cambios producidos nos estándares nacionais e internacionais de catalogación. O resultado do traballo, rematado a finais de 2010, está publicado na Intranet da BUSC en xaneiro de 2011. Na actualidade continúaase a introducir información.

Catálogo Colectivo Rebiun

O Catálogo Colectivo de Rebiun permite consultar en Internet os fondos de 74 bibliotecas universitarias e de investigación españolas. Actualízase 6 veces ao ano co envío dos rexistros de monografías, publicacións seriadas e catalogación analítica de monografías e seriadas en formato MARC. Na última entrega do ano 2011, a BUSC enviou un total de 1.089.207 rexistros bibliográficos


ACCESO A RECURSOS ELECTRÓNICOS

BASES DE DATOS

Durante 2011 a BUSC tivo acceso a 38 bases de datos en rede (consorciadas ou propias da Biblioteca). Dado que non todas as bases teñen unha interface web ou versión internet, aquelas das que o soporte é o CD ROM continuaron instaladas na Rede de CD-ROM da BUSC.

As estatísticas de uso das bases consorciadas ofrecémolas diferenciadas atendendo aos datos proporcionados por Bugalicio, posto que unhas bases de datos presentan datos de uso baseados en estatísticas Counter e outras non.

**Base de datos 2010-2011
sesións**




Destaca o incremento de Scifinder, que xa non utiliza o sistema de licenzas limitadas e o descenso de Westlaw. Polo que atinxe ás estatísticas de uso de bases de datos que proporcionan datos baseados no estándar Counter, estes son os resultados comparados dos anos 2010 e 2011:

| Bases de datos | Datos 2010 | Datos 2011 |
|--------------------------|------------|------------|
| The serials directory | 335 | 374 |
| Teacher reference center | 344 | 399 |
| Cinahl | 592 | 403 |
| Greenfile | 601 | 441 |



| Bases de datos | Datos 2010 | Datos 2011 |
|----------------------------|---------------|---------------|
| Lista | 605 | 519 |
| Regional business news | 411 | 639 |
| Sport discus full text | 1.062 | 1.093 |
| Lion | 2.134 | 1.426 |
| PQ dissertation and theses | 1.199 | 2.723 |
| PILOTS Database | 2.579 | 3.442 |
| Oceanic Abstracts | 1.609 | 3.595 |
| LLBA | 2.745 | 3.714 |
| Eric | 2.374 | 3.816 |
| Asfa | 3.817 | 3.993 |
| BSP | 7.777 | 9.853 |
| Medline | 17.788 | 14.413 |
| Psycinfo | 14.297 | 18.723 |
| TOTAL CONSULTAS | 60.269 | 69.566 |

Bases de datos - Consultas 2010-2011 Estadísticas Counter




Os datos mais chamativos corresponden ao incremento de uso en Psycinfo e a baixada en Medline. O resto dos recursos mantéñense a tónica de anos anteriores.

No total do uso no Sistema Universitario Galego, a USC segue a ser quen máis emprega en datos absolutos as bases de datos, seguida da Universidade de Vigo.

| Centro | Total | % Uso |
|--------|---------|-------|
| UDC | 164.807 | 23,06 |
| USC | 294.247 | 41,18 |
| UVI | 255.511 | 35,76 |

No gráfico seguinte están recollidos os datos de uso da **Web of Knowledge (WoK)**, desagregados nos diferentes produtos que a integran. Ao comparar os referidos a WoK & Proceedings cos recompilados en 2010, apreciamos unha suba do seu uso, tendencia iniciada xa no ano anterior.

Web of Knowledge 2010-2011



DIALNET

As estatísticas do ano 2011 da base de datos DIALNET para a BUSC resúmense na seguinte táboa:


| ESTADÍSTICAS DIALNET 2011 | TOTAIS |
|--|---------|
| Nº de sesións realizadas polos usuarios | 46.554 |
| Nº de accesos realizados polos usuarios | 163.551 |
| Nº de descargas realizadas polos usuarios | 27.802 |
| Nº de buscas de documentos realizadas polos usuarios | 22.760 |
| Nº de usuarios rexistrados a 31/12/2011 | 1271 |
| Nº de subscricións de revistas polos usuarios a 31/12/2011 | 7.748 |
| Nº de títulos de revistas baleiradas por persoal da BUSC | 71 |
| Nº de documentos creados pola BUSC | 3.349 |
| Nº de alertas de revistas xeradas para a BUSC | 7.156 |
| Nº de alertas xeradas polas revistas que baleira a BUSC | 20.086 |

Un ano máis conséctase un aumento de usuarios e acceso a esta base de datos, na que a BUSC contribúe cunha media mensual de 279 rexistros.

LIBROS ELECTRÓNICOS

Canto das monografías en liña propias da BUSC, as estatísticas poden verse no seguinte gráfico.


Estatísticas Monografías en Liña 2010



No que atinxe a monografías electrónicas consorciadas este é o cadro resumo:

| MONOGRAFÍAS | DESCARGAS |
|------------------|-----------|
| IEEE Standards | 3.177 |
| IEEE Proceedings | 13.913 |
| Netlibrary | 968 |
| TOTAL | 18.058 |


A continuación desglósase o uso do paquete consorciado do IEEE:



REVISTAS ELECTRÓNICAS


A BUSC tivo acceso durante 2011 a 21.205 títulos. Inclúense nesta cifra as revistas da BUSC (1.066 títulos) que non aparecen en ningún dos paquetes accesibles a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e as incluídas nas bases de datos a texto completo *Business Source Premier* (BSP), *JSTOR*, *Sport Discus Full Text*, *Lion* e *CINAHL*.

Revistas electrónicas a texto completo 2001-2011




As estatísticas amosan que se fixeron un total de 569.135 descargas, que se reparten do seguinte xeito: 471.743 descargas de artigos a texto completo nas revistas do Consorcio (un 1,6% menos que en 2010) e 97.392 descargas (un incremento superior ao 100% con respecto ao ano anterior) nas revistas da BUSC. No gráfico seguinte amósase a evolución das descargas de artigos a texto completo durante os últimos anos.

Descargas de artigos a texto completo - 2002-2011




Nos gráficos seguintes poden verse os datos totais e as porcentaxes correspondentes a cada editor.

Descarga de artigos a texto completo 2010-2011



Descarga de artigos a texto completo 2010 Porcentaxes



O 48% das descargas correspóndense con títulos do paquete de ScienceDirect. O segundo paquete en porcentaxe é o conxunto de revistas contratadas pola BUSC, que experimentan un incremento no seu uso superior ao 100% con respecto ao ano 2010. Tamén incrementa o seu uso a colección do editor Springer. O resto dos paquetes mantéñense nas cifras do ano anterior.

Das 1066 revistas subscritas pola BUSC con soporte electrónico BUSC, 178 superan as 100 descargas (e 17 destas superan as 1000), 83 teñen entre 50 e 100, 237 tiveron entre 11 e 50 descargas, 228 entre 1 e 10 descargas ao ano.

Nos anexos ofrécese unha relación dos títulos das revistas máis utilizadas en 2011.

REFWORKS

Dende o ano 2007 todos os membros da comunidade universitaria teñen ao seu dispor o xestor de citas bibliográficas RefWorks, adquirido a través do Consorcio Bugalicia. Grazas a esa ferramenta o usuario pode:

- Crear unha base de datos persoal para almacenar referencias importadas doutras bases de datos (ScienceDirect, ProQuest, Google Scholar...) ou engadilas manualmente.
- Clasificar as referencias almacenadas creando carpetas temáticas, por asignatura, proxecto, etc.
- Dar ás citas almacenadas o formato bibliográfico desexado (MLA, Vancouver, Chicago, APA, personalizado...) e exportalas a un documento de texto.

A finais de 2011 RefWorks contaba con 2.688 usuarios rexistrados e cun total de 319.114 referencias bibliográficas.

REPOSITORIO DA USC

Durante 2011 continuou o proceso de implementación do Repositorio institucional da USC. Nel están aloxadas 758 obras pertencentes ao fondo histórico da BUSC (dixitalizadas grazas ás subvencións do Ministerio de Cultura concedidas en 2007, 2009 e 2010) e parte das revistas do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. En xuño de 2011 a BUSC presentouse a unha nova convocatoria para concesión de subvencións públicas para a creación e transformación de recursos dixitais e a súa difusión e preservación mediante repositorios OAI (Open Archives Initiative) coa cuarta fase do proxecto *Literaturas hispánicas séculos XV-XVIII*. A orde CUL/3494/2011, de 24 de decembro concede á Universidade de Santiago de Compostela **10.253,35 €**. A percepción da subvención fíxose efectiva a principios de 2012 o que permitirá incrementar o fondo patrimonial dispoñible no repositorio.

Séguese a traballar na adaptación dos rexistros aos estándares de metadatos METS e Premis, así como as especificacións Europeaana Semantic Elements (ESE), o que permite que sexa provedor de contidos de Europeaana <http://www.europeana.eu/portal/>. Igualmente o repositorio institucional cumpre xa coas directrices OpenAire e Driver.

Sen dúbida un paso importante en 2011 foi a aprobación da normativa do **Repositorio Institucional Minerva**, feito que tivo lugar no Consello de Goberno de 22 de decembro de 2011.

Nos seus inicios o repositorio foise nutrindo con fondos bibliográficos dixitalizados da BUSC e coa produción editorial do Servizo de Publicacións. Pero xurdiron novas necesidades asociadas aos cambios derivados do EEES que implican a realización de traballos fin de grao e fin de máster e as propias necesidades dos investigadores. Neste sentido non está de mais recordar cal é o marco regulamentario de aplicación en universidades públicas españolas para a publicación en acceso aberto:

- Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, por lo que se regulan as ensinanzaas oficiais de doutoramento.
- Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación

O Real Decreto nos seus artigos 14. 5 e 14. 6. establece a obrigatoriedade de depositar en acceso aberto as teses doutorais aprobadas (con algunha excepcionalidade establecida no 14.6 e na Disposición transitoria primeira). Polo que atinxe á Lei da Ciencia, hai nela un posicionamento a prol das políticas de acceso aberto á información científica coa previsión que se establece sobre publicación en acceso aberto, que dispón que todos os investigadores cuxa actividade sexa financiada maioritariamente cos Orzamentos Xerais do Estado es-

tán obrigados a publicar en acceso aberto unha versión electrónica dos contidos aceptados en publicacións de investigación. Finalmente cada universidade pública debe aplicar, ademais, políticas específicas (regulamentos e normativas) para publicar tamén no seu repositorio institucional resultados en acceso aberto relacionados con estudos oficiais de máster e doutorado, así como as súas normativas xerais respecto a traballos fin de máster (TFM), traballos fin de grao (TFG) ou outros traballos de investigación.

Todo isto fixo necesario articular o repositorio para dar cabida a todas as consideracións antes expostas. Por iso os servizos xa mencionados (BUSC e SPIC) xunto coa Vicerreitoría de Investigación, a Vicerreitoría de Titulacións e PDI, a Secretaria Xeral e o Arquivo Histórico Universitario están a desenvolver o proxecto do repositorio institucional baixo a denominación de MINERVA.

MINERVA é un proxecto transversal, realizado entre áreas da USC xa citadas, co obxectivo de reunir, archivar, preservar, difundir e visibilizar a produción documental institucional resultante da actividade académica, investigadora e de xestión corporativa da nosa comunidade universitaria, ofrecendo acceso aberto á devandita produción, así coma o patrimonio bibliográfico da Universidade. MINERVA poderá incluír calquera outro contido da institución e do seu persoal, que pola súa natureza a USC determine que é de interese e debe ser difundido a través desta canle.

O repositorio MINERVA en versión BETA está accesible dende a páxina web da BUSC desde o 24 de outubro, aproveitando a celebración da Semana do Acceso Aberto. <http://dspace.usc.es/>

FORMACIÓN DE USUARIOS

Os datos relativos ao programa de formación de usuarios poden verse no seguinte cadro:

| BIBLIOTECA | Cursos formación reglada | asistentes | Cursos formación non reglada | Asistentes |
|----------------------|--------------------------|------------|------------------------------|------------|
| B. Xeral | - | - | - | - |
| Bioloxía | 1 | 160 | - | - |
| Económicas | 2 | 147 | 2 | 350 |
| C.Arenal | 3 | 41 | 10 | 415 |
| Farmacía | 1 | 155 | - | - |
| Filoloxía | 3 | 236 | - | - |
| Fª, Cc. Educ. Psicol | 2 | 139 | 21 | 547 |
| Física Óptica | - | - | 4 | 124 |
| Xeografía e Historia | - | - | 1 | 104 |
| Matemáticas | 1 | 118 | 3 | 74 |
| Medicina | 1 | 22 | 1 | 105 |



| BIBLIOTECA | Cursos formación reglada | asistentes | Cursos formación non reglada | Asistentes |
|-----------------------|--------------------------|-------------|------------------------------|-------------|
| Química | 2 | 94 | - | - |
| ETSE | 2 | 94 | - | - |
| Intercentros | 8 | 438 | 43 | 421 |
| CC. Comunicación | 2 | 111 | 1 | 60 |
| Formación Profesorado | 2 | 180 | - | - |
| Enfermería | 2 | 61 | 2 | 61 |
| TOTAL | 32 | 1996 | 88 | 2261 |

Con respecto a 2010 hai un salto exponencial na formación reglada (pasando de 3 a 32 cursos, e de 215 alumnos a 1996). A causa hai que buscala na implantación de cursos básicos de competencias informacionais. En virtude do convenio de colaboración coa Universidad de La Laguna, Universidad de Zaragoza e Universidad de Alicante para desenvolver un modelo común de formación en competencias informacionais, no curso académico 2010/2011 comezou a súa implantación como experiencia piloto en cinco titulacións. No curso 2011/2012 chegamos a 30 graos.

Tratase dun curso básico en competencias, impartido de xeito virtual co obxectivo de que o alumnado de primeiro de grao adquira autonomía para localizar, seleccionar, usar e comunicar información, mediante habilidades e competencias básicas na busca e xestión da información. Estes cursos impártense a través da Aula CESGA o que permite que o usuario siga o curso ao seu propio ritmo desde calquera ordenador conectado a Internet (e para realizalo se necesitan entre 6 e 10 horas aproximadamente). Aos alumnos que o superen se lles expide un certificado de aptitude.

PRÉSTAMO A DOMICILIO

En 2011 houbo un total de 376.098 préstamos no conxunto da BUSC o que supón un incremento global do 13 % respecto a 2010.

| | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 |
|---------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| B.Xeral | 38.943 | 35.427 | 35.706 | 31.971 | 31.650 | 29.813 | 30.159 | 33.613 | 30.779 | 41.189 |
| Biología | 16.476 | 16.250 | 15.852 | 15.158 | 15.006 | 14.909 | 10.960 | 10.258 | 11.244 | 11.778 |
| Económicas | 23.754 | 21.207 | 21.822 | 21.178 | 20.744 | 18.296 | 15.597 | 17.757 | 18.329 | 17.668 |
| Der., Pol., R. Lab. | 22.281 | 29.329 | 33.544 | 34.972 | 37.270 | 35.727 | 39.467 | 40.659 | 44.515 | 45.468 |
| Farmacia | 8.820 | 7.958 | 8.369 | 8.056 | 9.271 | 9.698 | 9.730 | 8.641 | 9.291 | 8.724 |
